



SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO DE CARA Á CONVOCATORIA DE PRAZAS DE AXUDANTE DOUTOR/A

O Consello de Goberno do 5/6/2023 aprobou os criterios para a selección de áreas de coñecemento de cara á convocatoria de prazas de Axudante Doutor/a para o curso académico 2024/2025 co fin estabilizar o emprego temporal e contribuír á renovación xeracional.

A disposición adicional do acordo do Consello de Goberno habilita á Vicerreitoría de Profesorado para realizar a convocatoria de cara a seleccionar as áreas de coñecemento en que se convocarán as prazas.

1. Requisitos para participar na convocatoria

1.1.Existencia de necesidades docentes

1.1.1. Só se atenderán as solicitudes dos departamentos en que, de acordo co PDA aprobado no mes de maio de 2024 para o curso académico 2024/2025, as necesidades docentes das áreas de coñecemento para as que se presenten candidaturas superen a capacidade docente.

1.1.2. Para estes efectos, enténdese por **necesidades docentes** as horas correspondentes ás aulas presenciais e á dirección de TFG/TFM do encargo docente á área de coñecemento no PDA do curso académico 2024/2025 aprobado en maio de 2024, excluíndo o encargo docente do Grao en Turismo que só computará nas solicitudes presentadas para o seu propio profesorado.

1.1.3. Para estes efectos, enténdese por **capacidade docente** a suma da dedicación académica do profesorado permanente da área de coñecemento – incluído o PDI con reserva de posto de traballo–, do profesorado con compromiso de estabilización e das prazas creadas no marco de programas específicos de captación de talento (Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, InTalent, Consolidación investigadora etc.) que contén con compromiso de estabilización. En todos os casos a capacidade docente computará como 240 horas.

Desta capacidade docente **deduciranse** 240 horas por cada profesor/a permanente da área de coñecemento cuxa **xubilación forzosa** estea prevista antes de 1/9/2027.

A capacidade docente das prazas creadas no marco de programas específicos de captación de talento (Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, InTalent, Consolidación investigadora etc.) que contén con compromiso de estabilización non computará no caso de que existan na área prazas de profesor/a interino/a de substitución anteriores á incorporación deste persoal investigador que non tivesen a oportunidade de acceder á convocatoria dunha axudantía.

1.2. Condicións das candidaturas propostas

Os candidatos/as propostos/as serán Profesores/as Contratados/as Interinos/as de Substitución (CIS) ou Asociados/as con título de Doutor/a. Quedan excluídas as candidaturas de persoas contratadas polo procedemento de urxencia ou por cobertura de licenzas do programa de recualificación do profesorado universitario.

De acordo co compromiso da Universidade da Coruña coa inclusión de persoas con discapacidade, inclúese unha reserva do 5% das prazas. Para optar ás prazas desta

Código Seguro De Verificación	EV+kDXFJtrnSpegxLfzD0w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	21/06/2024 16:08:44
Observacións		Páxina	1/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/EV+kDXFJtrnSpegxLfzD0w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





reserva, as persoas propostas deben xustificar un grao de discapacidade superior ou igual ao 33%.

2. Priorización das candidaturas

No caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas, a prelación entre as áreas que presenten candidaturas organizarase da seguinte maneira:

a) No 50% das prazas só se considerarán as solicitudes que presenten candidaturas coa acreditación a Axudante Doutor/a. Dentro delas, terán prioridade as candidaturas que presenten a acreditación a Profesor/a Titular de Universidade ou a Profesor/a Contratado/a Doutor/a.

b) No restante 50% de prazas, a prelación establecerase segundo a maior diferenza entre necesidades docentes e capacidade docente tal e como foi definida nos puntos 1.1.2 e 1.1.3.

O cupo de persoas con discapacidade organizarase igualmente segundo os criterios anteriores.

3. Limitacións por área de coñecemento

Convocarase unha única praza de Axudante Doutor/a por área de coñecemento, agás nos casos seguintes, en que poderá convocarse unha segunda praza:

a) cando as necesidades docentes continúen a superar a capacidade, unha vez computadas as 240 horas dun eventual novo compromiso de estabilización. As candidaturas da mesma área priorizaranse segundo o nivel de acreditación, a data do certificado de acreditación e, caso de existir empate, pola antigüidade na UDC.

b) cando a solicitude inclúa profesorado subrogado como consecuencia da integración do Grao en Turismo, que poderá optar a este programa co cómputo específico das súas necesidades docentes e da súa capacidade docente.

c) cando a solicitude inclúa unha candidatura á reserva de prazas de discapacidade.

4. Compromisos das áreas e dos departamentos

Estas transformacións supoñen o compromiso das áreas de asumir no curso académico 2024/2025 a totalidade do encargo docente asociado ás candidaturas propostas e en ningún caso poderán utilizarse para solicitar a contratación de novo profesorado.

No caso de presentar candidaturas con contrato a tempo parcial entre P3 e P5, o compromiso inclúe a compensación coa redución de dedicación doutros contratos a tempo parcial da área.

5. Presentación e documentación das solicitudes

As solicitudes serán aprobadas polo Consello de Departamento e dirixiranse á Vicerreitoría de Profesorado da Universidade da Coruña a través do rexistro da UDC.

O prazo para a presentación de solicitudes será de **10 días hábiles** contados dende o día seguinte á publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC.

Código Seguro De Verificación	EV+kDXFJtrnSpegxLfzD0w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	21/06/2024 16:08:44
Observacións		Páxina	2/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/EV+kDXFJtrnSpegxLfzD0w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Documentación

1. Solicitude no modelo do anexo I.
2. Copia simple acreditativa da obtención do título de Doutor/a.
3. No seu caso, copia simple do certificado de acreditación a Axudante Doutor/a, Contratado/a Doutor/a ou Titular de Universidade da persoa Contratado/a Interino/a ou Asociado/a da área de coñecemento para a que se solicita a convocatoria da praza.
4. No seu caso, copia simple actualizada da certificación do recoñecemento do grao de discapacidade, no caso de candidaturas á reserva de prazas para a inclusión do PDI con discapacidade.
5. No seu caso, autorización da persoa acreditada para o uso destes documentos para a solicitude da convocatoria dunha praza de Axudante Doutor/a mediante os modelos dos Anexos II e III.

7. Resolución

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes a Vicerreitora de Profesorado ditará unha resolución aprobando a prelación provisional de áreas de coñecemento, cos datos desagregados sobre necesidades docentes e capacidade docente.

A prelación provisional será publicada na sede electrónica da UDC. Os departamentos poderán emendar a solicitude ou presentar reclamación ante a Vicerreitoría de Profesorado a través do rexistro da UDC no prazo de **5 días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da publicación da prelación provisional na Sede Electrónica da UDC.

Resoltas as posibles reclamacións, publicarase a resolución da prelación definitiva.

A renuncia á eventual convocatoria dunha praza asignada deberá ser por acordo do Consello de Departamento. Neste caso, procederase a asignar a praza vacante á area de coñecemento que corresponda segundo a orde da prelación definitiva.

Disposición final

A Vicerreitoría de Profesorado dará conta aos Representantes dos/as Traballadores/as e ao Consello de Goberno do desenvolvemento desta convocatoria.

Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos recollidos neste procedemento serán tratados pola UDC para fixar a distribución por áreas de coñecemento das prazas de Axudante Doutor/a que se pretenden convocar no curso académico 2024/2025 na UDC.

O órgano responsable do tratamento é a Secretaría Xeral ante a que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade, na Reitoría da UDC; rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña, mail: rpd@udc.gal, teléfono 881011161.

O correo da Delegada de Protección de Datos é dpd@udc.gal.

A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (Lei Orgánica

Código Seguro De Verificación	EV+kDXFJtrnSpegxLfzD0w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	21/06/2024 16:08:44
Observacións		Páxina	3/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/EV+kDXFJtrnSpegxLfzD0w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





de Universidades e Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia). Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da UDC. Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

Recursos

Contra a presente convocatoria, de conformidade co disposto nos art. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o reitor da Universidade da Coruña no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da Universidade da Coruña.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado

Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	EV+kDXFJtrnSpegxLfzD0w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	21/06/2024 16:08:44
Observacións		Páxina	4/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/EV+kDXFJtrnSpegxLfzD0w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Anexo I

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDEMENTO DE CONVOCATORIA DE
PRAZAS DE AXUDANTE DOUTOR/A NO CURSO ACADÉMICO 2024/2025**

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA SOLICITUDE

DEPARTAMENTO:	
ÁREA DE COÑECEMENTO PARA A QUE SE SOLICITA A PRAZA DE AXUDANTE DOUTOR/A:	
MARCAR E COMPLETAR, SEGUNDO O CASO, DE ACORDO COA CONVOCATORIA:	
DE SER O CASO, INDICAR O NÚMERO DE ORDE NA ÁREA: _____	
<input type="checkbox"/> PROFESORADO SUBROGADO DO GRAO DE TURISMO <input type="checkbox"/> CANDIDATURA Á RESERVA DE PRAZAS DE INCLUSIÓN <input type="checkbox"/> CANDIDATURA CON TEMPO CONSUMIDO COMO AXUDANTE DOUTOR/A	
NOME DO/A PROFESOR/A CONTRATADO/A INTERINO/A DE SUBSTITUCIÓN OU ASOCIADO/A:	
CATEGORÍA ACTUAL:	DEDICACIÓN:

2. SOLICITUDE

O Consello do Departamento de _____ na súa sesión do // acordou propoñer a convocatoria dunha praza de Profesor/a Axudante Doutor/a de acordo co procedemento e os criterios aprobados polo Consello de Goberno o 05/06/2024.

- No caso de prosperar esta solicitude, este Departamento comprométese a que:

A creación dunha praza de Axudante Doutor/a supón o compromiso das áreas de coñecemento de asumir no curso académico 2024/2025 a totalidade do encargo docente asociado ás candidaturas propostas e en ningún caso poderá utilizarse para solicitar a contratación de novo profesorado.

No caso de presentar candidaturas con contrato a tempo parcial entre P3 e P5, o compromiso inclúe a compensación coa redución de dedicación doutros contratos a tempo parcial da área.

- Xunto con esta solicitude achégase a seguinte documentación:
 1. Título de doutor por ambas caras.
 2. As acreditacións para a candidatura.
 3. Certificación actualizada do recoñecemento do grao de discapacidade, no caso de candidaturas á reserva de prazas para a inclusión do PDI con discapacidade
 4. Solicitude en modelo oficial de convocatoria de praza de Axudante Doutor/a Data:

O/A director/a do Departamento

Asdo.:

VICERREITORÍA DE PROFESORADO

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
EV+kDXFJtrnSpegxLfzD0w==	Asinado	21/06/2024 16:08:44
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Páxina 5/7
Observacións		
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/EV+kDXFJtrnSpegxLfzD0w==	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	





Anexo II

**AUTORIZACIÓN PARA O USO DE CERTIFICACIÓN DE ACREDITACIÓN DE
AXUDANTE DOUTOR/A (E OUTRAS CATEGORÍAS)**

Eu _____ con DNI: _____ autorizo ao Departamento de _____ da Universidade da Coruña, para achegar a(s) miña(s) acreditación(s) de Axudante Doutor/a (e outras categorías, se procede) coa solicitude de convocatoria dunha praza de Axudante Doutor/a no curso académico 2024/2025 na área de coñecemento de _____ de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Do mesmo xeito, sempre que o así o estime, poderei exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da UDC. Tamén poderei dirixirme á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que considere oportuna.

En _____, a _____ de _____ de 2024

(sinatura)

Código Seguro De Verificación	EV+kDXFJtrnSpegxLfzD0w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	21/06/2024 16:08:44
Observacións		Páxina	6/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/EV+kDXFJtrnSpegxLfzD0w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Anexo III
AUTORIZACIÓN PARA O USO DE CERTIFICACIÓN DE GRAO DE
DISCAPACIDADE

Eu _____ con DNI: _____ autorizo ao Departamento de _____ da Universidade da Coruña, para achegar a miña certificación de grao de discapacidade coa solicitude de convocatoria dunha praza de Axudante Doutor/a no curso académico 2024/2025 na área de coñecemento de _____ de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Do mesmo xeito, sempre que o así o estime, poderei exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da UDC. Tamén poderei dirixirme á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que considere oportuna.

En _____, a _____ de _____ de 2024

(sinatura)

Código Seguro De Verificación	EV+kDXFJtrnSpegxLfzD0w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	21/06/2024 16:08:44
Observacións		Páxina	7/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/EV+kDXFJtrnSpegxLfzD0w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

